

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

LAXE

Nomeamento de membros da xunta de goberno local

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Asunto: nomeamento integrantes XGL

Expte. Admtvo. núm. 2023/G005/000001

Expediente decreto núm. 2024/G003/000265

Logo da elección e toma de posesión de alcalde, que se realizou na sesión extraordinaria do Pleno da Corporación do 8 de marzo de 2024 e en exercizo das atribucións conferidas polos art. 23 de la Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de Réxime Local, art. 65 de la Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia e o artículo 52 do ROF,

RESOLVO:

Primeiro.- Nomear aos seguintes concelleiros/as como membros da Xunta de Goberno Local:

Don Eulogio Constantino Castiñeira

Dona Sandra Mouzo Pose

Dona Begoña Gegúndez Allo

Segundo.- Delegar na Xunta de Goberno Local as seguintes atribucións concretas que me asigna como delegables a lexislación vixente:

1. As aprobacións dos instrumentos do plan de desenvolvemento do plan xeral non expresamente atribuídas ao Pleno, así como a dos instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización.

2. A celebración dos contratos privados, así como la adxudicación de concesións sobre os bens das mesmas e a adquisición de bens inmoables e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial cando o presuposto base de licitación, nos termos definidos no artigo 100.1, non supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do orzamento nin o importe de tres millóns de euros, así como o alleamento do patrimonio, cando o seu valor non supere o porcentaxe nin a contía indicados.

3. O outorgamento das licenzas ou autorizacións, agás que as leis sectoriais o atribúan expresamente ao Pleno.

4. As altas e baixas no padrón do Servizo de Axuda no Fogar.

5. Iniciación e resolución dos expedientes de disciplina urbanística, sancionadores e de reposición da legalidade urbanística.

6. Iniciación e resolución dos expedientes de responsabilidade patrimonial.

Sen perxucio do anterior, a Alcaldía resérvase a avocación daqueles asunto que polas súas características particulares ou pola súa urxencia tiveran que resolverse con prontitude e celeridade.

Terceiro.- O réxime xurídico da presente delegación será o previsto con carácter xeral nos artigos 114 a 118 do Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento, e Réxime Xurídico das Entidades Locais, correspondendo así ao órgano delegante (a Alcaldía) a resolución dos recursos de reposición que se interpoñan contra os actos ditados pola Xunta de Goberno Local en exercicio das atribucións conferidas por delegación.

Cuarto.- Notifíquesele esta resolución aos interesados e publíquese no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, sen prexucio da súa efectividade dende o día seguinte ó desta resolución, dándose conta ao Pleno na primeira sesión que se realice.

Mándoo e asínoo en Laxe, 16 de abril de 2024

O alcalde, Francisco Charlín Oróns

A secretaria-interventora, Begoña Carrasco García

2024/2645